

Procedemento: **Convenio específico para o desenvolvemento da formación en centros de traballo subscrito por Augas de Galicia e o CIFP A Granxa de Ponteareas**

Trámite: **Memoria xustificativa**

1. Antecedentes

Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

O CIFP A Granxa, é un centro educativo da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, con código de centro 36007552, localizado en Ponteareas (San Miguel), provincia de Pontevedra.

2. Obxectivos que se pretenden

O obxectivo do presente convenio é a colaboración entre as entidades asinantes para o desenvolvemento dun programa formativo de formación en centros de traballo, dirixido ao alumnado de formación profesional específica, coa denominación da ensinanza: Educación e control ambiental.

O obxecto do convenio é establecer un programa para a realización de prácticas académicas externas do alumnado nas instalacións da entidade pública empresarial Augas de Galicia na cidade de Vigo.

O convenio fixa os mecanismos de colaboración entre as partes coa finalidade de establecer unha adecuada programación, desenvolvemento e verificación da colaboración.

Con este convenio preténdese enmarcar a cooperación educativa na que se delimiten as garantías recíprocas do alumnado e a entidade colaboradora no desenvolvemento do período de prácticas.

3. Necesidade da colaboración, razóns de oportunidade e xustificación da non concorrencia

O artigo 42 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación refírese á oferta das ensinanzas de formación profesional, prevendo o parágrafo 3 do seu apartado 2 o seguinte:

Todos los ciclos formativos incluirán una fase práctica dual de formación en los centros de trabajo, de la que podrán quedar exentos quienes acrediten una experiencia laboral que se corresponda con los estudios profesionales cursados. Las Administraciones educativas regularán esta fase y la mencionada exención.

Conforme ao estipulado no artigo 11 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia corresponde a Augas de Galicia no ámbito da xestión das concas intracomunitarias, as



competencias que o ordenamento xurídico vixente en materia de augas atribúe aos organismos de conca. Nestes ámbitos resulta preciso a realización de traballos de campo e outros de carácter ambiental para a tramitación dos procedementos.

O estudantado de educación e control ambiental adquire amplos coñecementos teóricos nestas materias ao longo da súa formación, polo que se considera complementario e de interese a posta en práctica desta formación en casuísticas reais e concretas como as que ten que desempeñar Augas de Galicia.

A adecuación dos programas educativos ás necesidades do mundo laboral constitúe unha das preocupacións da Consellería de Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, de aí que sexa un dos obxectivos do CIFP A Granxa complementar a formación teórica mediante as prácticas en entidades que lles permita coñecer a realidade laboral.

As partes consideran necesario un maior achegamento entre o ámbito laboral e o formativo, para facilitar a futura inserción laboral do alumnado mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas externas, acadando ao mesmo tempo a mellor cualificación e inserción no ámbito laboral.

4. Estimación de custos e financiamento

A sinatura deste convenio non supón ningún gasto para Augas de Galicia, polo que non precisa consignación orzamentaria.

Consonte ao disposto no artigo 48.3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio contribúe a mellorar a eficiencia da xestión pública, a facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos e á realización de actividades de utilidade pública.

Santiago de Compostela
O director de Augas de Galicia
Roi Fernández Añón
(asinado dixitalmente)

